

# NAUSICAÄ DO VAL DO VENTO

# 1314

Hayao Miyazaki, 1984

ESTREA EN NUMAX: 19.06.2024 | V.O.S.E. /V. E. | +7 | 116 min

Pasaron millóns de anos desde que unha guerra mundial arrasou o planeta. No Val do Vento vive Nausicaä, unha princesa guerreira que loita para que o mundo volva ser como antes. Enfronte terá o reino de Tolmekia, liderado pola princesa Kushana, que invade o Val do Vento.

«Unha obra fermosa e feiticeira, adiantada ao seu tempo coas súas ideas ecoloxistas»

William Thomas, EMPIRE



# NAUSICAÄ DO VAL DO VENTO

Hayao Miyazaki, 1984

EUROPA  
CINEMA  
Creative Europe MEDIA

## A naturalidade dun mestre

Por Álvaro López

*Nausicaä do Val do Vento* reflexiona a través da protagonista sobre o papel do ser humano no planeta e a súa relación coa natureza. Pero a película non queda aí nin moito menos. Mostra as consecuencias a partir desa premisa para desenvolver un filme que é ante todo de aventuras pero con moito transfondo. O director mostra sen xulgar unha situación que era unha realidade en 1984 e que o é agora aínda máis se cabe.

A pesar de ser a primeira película de Miyazaki que desprega todo o seu ideario (antes dirixira *Lupín III: O castelo de Cagliostro* -1979-, pero sen ser tan contundente como esta), xa logra algo que moi poucos directores conseguen e é dotar os seus personaxes de moi diversas lecturas sen necesidade de longas explicacións. Unha simple acción define un personaxe. Un exemplo témolo no momento en que Nausicaä coñece o pequeno animal salvaxe Teto, que trava nela e vemos a princesa aguantar a dentada con estoicismo. A partir de aí, Teto confía completamente nela. Nausicaä non é unha protagonista perfecta e iso faina máis especial se cabe. Ela ten multitude de cualidades, boas e malas, como calquera persoa. Aínda que é bondadosa e comprometida coa causa xusta, pode chegar a ser vingativa e violenta cando os invasores de Tolmekia atacan o seu pai e Miyazaki retrátao coa naturalidade que só os mestres poden facelo.

Miyazaki tampouco trata aquí de maneira usual á teoricamente antagonista Kushana, outro dos puntos fortes do seu cinema. Se Nausicaä non é perfecta, Kushana aínda o é menos. Está disposta a levar a cabo o seu plan de destrución pero se nos expón con intelixencia os porqués das súas accións. Tamén se preocupa abertamente pola situación da súa xente, ten os seus puntos débiles que humanizan a súa figura. Unha das súas grandes frases é, cando a apresan no Val do Vento e quita sorprendentemente o seu brazo metálico ortopédico: "O home que case comigo verá cousas moito peores".

Como adoita suceder no cinema de Miyazaki, as mulleres son protagonistas e impulsoras de todas as accións importantes da trama, xa sexa a valente Nausicaä, a decidida Kushana ou as mulleres apresadas por Tolmekia que axudan a propia Nausicaä a fuxir. Os homes nesta película (e na maioría do director) están nun segundo plano ou débennlle moito ás mulleres coas que conviven. Un agradecido mundo ao revés, se temos en conta a desigualdade que segue existindo en todo tipo de cinema nese aspecto, que non é máis que un reflexo da sociedade na que vivimos.

Hai moitos outros temas que serán habituais no imaxinario do director e que se presentan aquí como xestos da súa identidade. Un deles son os aparellos voadores, unha constante desde os seus inicios debido á súa absoluta paixón polos avións e todo tipo de estruturas capaces de voar. En *Nausicaä do Val do Vento* dá renda solta a esta paixón creando detallados artefactos desde o mehve de Nausicaä (unha especie de transporte voador lixeiro) ata as xigantescas naves de guerra de Tolmekia. Todo un deleite para os nosos sentidos. Atopámonos ante unha gran película e todo un precedente que marcou a senda do exitoso camiño do Studio Ghibli até hoxe. Un filme único, fundacional, ben resolto pese as dificultades e absolutamente imprescindible que supuxo un antes e un despois na animación xaponesa.

Publicado en [generacionghibli.blogspot.com](http://generacionghibli.blogspot.com)



## Na librería NUMAX

[numax.org/libreria](http://numax.org/libreria)

*Hayao Miyazaki y el futuro de la animación*,  
Elena Gil Escudier,  
Dolmen

*Cómo piensan los niños*,  
Hayao Miyazaki.  
Confluencias

*El mundo invisible de Hayao Miyazaki*,  
Laura Montero Plata  
Dolmen

*Hayao Miyazaki*,  
Raúl Fortes Guerrero  
Akal